

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 16 de maio de 2011

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Carlos López Font
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Santiago Domínguez Olveira
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez

D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás 9.13 horas do día dezaseis de maio de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral accidental, Sr. Suarez Sánchez, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(545).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións: ordinaria do 2, extr. urx. do 2, 4 e 6, ordinaria do 9 e extr. urx. do 12 de maio 2011. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(546).- SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN DE AXUDA Ó ENFERMO MENTAL, EN CONCEPTO DE MANTEMENTO DOS CENTROS PROTEXIDOS DE VIGO E PROGRAMAS PSICOSOCIAIS PARA O ANO 2011. EXPTE. 7465/101.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Protocolo de RR.PP., do 1.03.11, conformado pola concelleira delegada de Económica e Facenda, co informe do Titular da Asesoría Xurídica do 20.04.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 3.05.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. “Conceder a Asociación de Ayuda al Enfermo Mental, con CIF G-36044295, unha subvención por importe de 7.212 € en concepto de mantemento dos centros protexidos de Vigo, e programas psicosociais para o ano 2011, e isto con cargo á partida 912.0.489.00.02 (Subvencións por razóns humanitarias ou sociais) ou no seu defecto con cargo a bolsa xurídica de vinculación do vixente orzamento.
2. Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
3. Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.
A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.
4. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.
5. A beneficiaria, no prazo de tres meses a conta desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.
A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.
As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os

mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado

motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

6. Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
7. O beneficiario deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vigo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
8. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.
9. Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer o beneficiario da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.
10. O beneficiario está informado de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.
Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.
11. O beneficiario poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.

12. No demais, a concesión da subvención obxecto da presente resolución, rexerese pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.”

3(547).- SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI, PARA AXUDA DOS GASTOS DE TRANSPORTE E ORGANIZACIÓN DA ESTANCIA EN VIGO. EXPTE. 7392/101.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Protocolo de RR.PP., do 7.02.11, conformado pola concelleira delegada de Económica e Facenda, co informe do Titular da Asesoría Xurídica do 20.04.2011, e co Rc de Intervención de data 2.05.2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. “Conceder a asociación Solidariedade Galega có Pobo Saharai, CIF G-15924558 unha subvención pola contía de 10.680 euros para axuda dos gastos de transporte e organización da estancia en Vigo de 12 nenos saharauis.
2. Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.
A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.
3. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.
4. A beneficiaria, no prazo de tres meses a conta desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

5. Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
6. O beneficiario deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vigo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
7. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.
8. Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer o beneficiario da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.
9. O beneficiario está informado de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.

10. O beneficiario poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.
11. No demais, a concesión da subvención obxecto da presente resolución, rexerese pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.”

4(548).- SUBVENCIÓN A CORUXO FUTBOL CLUB POLOS GASTOS DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS E DE TRANSPORTE. EXPTE. 7532/101.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Protocolo de RR.PP., do 10.05.11, conformado pola concelleira delegada de Económica e Facenda, co informe do Titular da Asesoría Xurídica do 20.04.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización de data 12.05.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. “Conceder ao clube Coruxo F.C, CIF G-36708212 unha subvención pola contía de 50.000 euros para axuda dos gastos de transporte e mantemento das instalacións da entidade para a tempada 2010-2011, que será de cargo á partida 921.0.489.00.04 (outras subvencións) ou á súa bolsa de vinculación.
2. Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.
A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.
3. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.

4. A beneficiaria, no prazo de tres meses a conta desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

5. Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
6. O beneficiario deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vigo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
7. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.
8. Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer o beneficiario da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de

Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

9. O beneficiario está informado de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.

O beneficiario poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.

10. No demais, a concesión da subvención obxecto da presente resolución, rexerá pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.”

5(549).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CONFRARÍA DO SANTÍSIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS, PARA A ORGANIZACIÓN DO “FESTIVAL POÉTICO-PIROMUSICAL CIDADE DE VIGO-VILA DE BOUZAS”. EXPTE. 4009/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica do servizo de Animación Sociocultural., do 24.03.11, conformado polo concelleiro delegado de Animación Sociocultural, co informe do letrado asesor do 11.04.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización de data 27.04.2011, conformado polo Interventor Xeral accidental, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Que se aprrobe o proxecto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas para a organización do Acto de apertura da edición 2011 do “FESTIVAL POÉTICO-PIROMUSICAL CIDADE DE VIGO – VILA DE BOUZAS”.

2º.- Que se faculte ó concelleiro de Animación sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Que se autorice un gasto por un importe de 9.000,00 euros a favor da Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas, en concepto do estipulado no convenio, con cargo

á partida 3380.489.0011 (Convenio Comisión Festas Bouzas) do programa orzamentario de Animación sociocultural para o vixente exercicio.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CONFRARÍA DO SANTÍSIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS

Na Casa do Concello de Vigo,

REUNIDOS

Dunha parte, don Xesús López Carreira, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.

Doutra, don Paulino Freire Gestoso, como Confrade Maior da Confraría do Santísimo cristo dos aflixidos de Bouzas, CIF nº G-36.690.170 e enderezo social na rúa San Miguel nº 1 de Bouzas, Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 4009/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas ten por fins, entre outros, o de promover as festas anuais de Bouzas, desenvolvendo actos culturais así como contribuír a un destaque das solemnidades litúrxico relixiosas conmemorativas. Deste modo, esta entidade vén ocupándose, dende tempos inmemoriais, da organización, desenvolvemento e execución das festas anuais que se celebran na Vila de Bouzas - Cidade de Vigo, na segunda quincena no mes de xullo, en honra do “Bo Xesús dos Aflixidos”, patrón da Vila, e cuxo programa comprende, tanto actividades lúdicas coma relixiosas. Dentro do dito programa lúdico, e como principal e máis salientábel actividade, véñse celebrando o chamado “*FESTIVAL POÉTICO-PIROMUSICAL CIDADE de VIGO - VILA de BOUZAS*”, na noite do terceiro domingo de xullo.

II. Que o dito Festival constitúe unha tradición consolidada dentro da oferta cultural e lúdica da cidade de Vigo, sendo o máis relevante dos da súa clase, así coma un dos máis prestixiosos da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto pola calidade e custo da súa execución, o número de espectadores directos do Festival, o seguimento e cobertura mediáticos do mesmo, e a antigüidade da súa celebración, constituíndose por todos estes motivos nun obrigado referente nas celebracións lúdico-culturais de todo o territorio nacional. En virtude do gran seguimento popular de dito espectáculo, da tradición consolidada na súa celebración, e na constatada mellora ano tras ano da súa calidade e promoción, o Concello de Vigo considera necesario contribuír ó mantemento e financiamento do mesmo, como medio de garantir e conservar un dos signos distintivos da identidade colectiva da cidade de Vigo.

III. Que dende hai oito anos se veñen asinando diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas as partes.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0011, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 9.000,00 (nove mil) euros, a favor do Comisión de Festas de Bouzas.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concédente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o cofinanciamento polo Concello de Vigo do primeiro dos cinco actos nos que se divide o “Festival Poético-piromusical Cidade de Vigo-Vila de Bouzas” denominado “Apertura”.

VI.- Que a entidade Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 4009/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade **Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas**, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura e Animación sociocultural do Concello de Vigo en canto a organización do Festival Poético-pirotécnico “Cidade de Vigo – Vila de Bouzas”, que terá lugar en Bouzas na noite do terceiro domingo de xullo (17 de xullo), e concretamente a:

1º.- Asumir todo o concerner á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin.

2º.- Realizar o “FESTIVAL POÉTICO-PIROMUSICAL” e en especial o acto de “APERTURA”, segundo a programación proposta e o presuposto aprobado.

3º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, tendo comprobado con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

4º.- Asumir todos os seguros relativos ás actividades que se inclúen no programa do Festival, e que procedan segundo a lexislación vixente (responsabilidade civil, accidentes, etc) para dar resposta ás posibles incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade da Confraría.

5º.- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización das actividades e obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización da actividade.

6º.- A entidade terá que coordinar co departamento de prensa do Concello todas as presentacións e roldas de prensa previstas obxecto deste convenio e do seu desenvolvemento.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

As actividades obxecto deste convenio están destinadas ó público en xeral, con acceso libre e gratuíto.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas, unha subvención por importe de 9.000,00 (nove mil) euros co

obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización do acto “Apertura” do “Festival poético-pirotécnico Cidade de Vigo – Vila de Bouzas”.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase efectuarase por transferencia bancaria conta corrente número 2080.0016.18.0040020545, da entidade bancaria CAIXANOVA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 100 % do importe da actividade subvencionada.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de Galicia 9/2007.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural e da Tenencia de Alcaldía en todos os soportes publicitarios que edite. Deste material entregaranse 50 exemplares no servizo de Animación sociocultural **antes do día 1 xullo.**

Oitavo.- Segundo o artigo 15.2.a da Lei de Galicia 9/2007, non será necesaria a publicación da presente subvención.

Noveno.- A beneficiaria, dentro do exercicio económico do presente ano, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos actos celebrados, datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

- Relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.
- Facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, polo importe subvencionado. Os ditos documentos, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.
- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministracións ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polos servizos da Concellería de Animación Sociocultural. O persoal técnico do servizo de Animación Sociocultural emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Animación Sociocultural e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos da Concellería de Cultura e Animación sociocultural, da Tenencia de Alcaldía e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Animación sociocultural do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e á presenza do persoal técnico da Concellaría de Animación Sociocultural nos actos programados.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Décimo oitavo.- O concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Animación Sociocultural.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria propondrá ó Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Animación sociocultural. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ó público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade propondralle ó Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei

de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar no lugar e data indicados.

6(550).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA COMISIÓN DE FESTAS NOSA SEÑORA DAS NEVAS DA GUÍA PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DA SARDIÑA 2011. EXPTE. 4012/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica do servizo de Animación Sociocultural., do 31.03.11, conformado polo concelleiro delegado de Animación Sociocultural, co informe do letrado asesor do 14.04.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización de data 29.04.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Que se aprrobe o proxecto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía para a coorganización da “FESTA DA SARDIÑA 2011”.

2º.- Que se faculte ó concelleiro de Animación sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Que se autorice un gasto por importe de 8.500,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía (CIF G-36.731.404), con cargo á partida presupostaria 3380.489.0004 (Convenio Comisión Festas N. S. da Guía – Festa Sardiña) do programa presupostario de Animación sociocultural para o exercicio 2011.

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DA SARDIÑA 2011.

Na Casa do Concello de Vigo,

REUNIDOS

Dunha parte, don Xesús López Carreira, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.

Doutra, don José Gonda Faria, como presidente da Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía, CIF nº G-36.731.404 e enderezo social na rúa Alonso Ojeda nº 14 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 4012/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía ten por fin, entre outros, a organización de festas populares, actividades culturais recreativas e festivas e todos aqueles actos

relacionados cos ditos fins sociais. Deste modo, esta entidade vén organizando nos últimos anos a “Festa da Sardiña”, na carballeira do monte da Guía, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns, estando en condicións de organizar a presente edición.

II.- Que o Concello de Vigo está a organizar o programa de actividades e espectáculos das “Festas de Verán 2011”, que se desenvolve nos meses de xullo e agosto na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de enalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón, así como os nosos folclore e cultura populares. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

III. Que dende o ano 1996 se asinaron diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas as partes.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0004, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 8.500,00 (oito mil cincocentos) euros, a favor da asociación Comisión de Festas Nosa Señora da Guía.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa da Sardiña 2011 na carballeira da Guía o día 6 de agosto.

VI.- Que a entidade Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 4012/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade **Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía**, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura e Animación sociocultural do Concello de Vigo en canto a organización da Festa da Sardiña 2011, que terá lugar na carballeira da Guía, e concretamente a:

1º.- Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil, así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.

6º.-Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.

2º.- Achegar un total de cincocentos carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.

3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa das “Festas de Vigo 2011”.

4º.- Achegar unha banda popular de música con cargo ó convenio asinado polo Concello coa Federación de Bandas populares de música de Vigo.

5º.- Conceder directamente á Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía, unha subvención por importe de 8.500,00 (oito mil cincocentos) euros co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización da Festa da Sardiña 2011.

O CONCELLO non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase efectuarase por transferencia bancaria conta corrente número 0072.0462.88.0000100503, da entidade bancaria BANCO PASTOR, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 100 % do importe da actividade subvencionada.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de Galicia 9/2007.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- Segundo o artigo 15.2.a da Lei de Galicia 9/2007, non será necesaria a publicación da presente subvención.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de quince días a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos actos celebrados, datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

- Relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.

- Facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, polo importe subvencionado. Os ditos documentos, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministracións ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polos servizos da Concellería de Animación Sociocultural. O persoal técnico do servizo de Animación Sociocultural emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Animación Sociocultural e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos da Concellería de Cultura e Animación sociocultural, da Tenencia de Alcaldía e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Animación sociocultural do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e á presenza do persoal técnico da Concellaría de Animación Sociocultural nos actos programados.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Décimo oitavo.- O concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999,

do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Animación Sociocultural.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuítio; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria propondrá ó Concello de Vigo os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Animación sociocultural. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ó público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade propondralle ó Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar no lugar e data indicados.

7(551).- DAR CONTA DAS SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA:

A))AUTO DO X. DE 1ª INSTANCIA Nº 1 DE VIGO. RC-A 206/2009 P.O. DEMANDANTE: COMUNIDAD DE HEREDEROS DE D. ERNESTO VÁZQUEZ ALVAREZ. OBXECTO: ACCIÓN REAL DE DOMINIO E DERIVADOS. ESTE AUTO DECLARA A FALTA DE XURISDICCIÓN. APELACIÓN 3389/09, AUTO 74, DESESTIMA O RECURSO DE APELACIÓN DO DEMANDANTE CON CUSTAS. EXPTE. 5040/111.

B))SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A 107/2010 P.O. DEMANDANTE: TINTOPRESS, S.L. OBXECTO: LICENCIA DE OBRAS E ACTIVIDADES. SENTENZA NON FIRME QUE DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6243/111.

C))SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 477/2010 P.O. DEMANDANTE: Dª ROSA MARIA FIGUEIRAS

FERNÁNDEZ. OBXECTO: RESOLUCIÓN XMU, RUINA. ACEPTA O DESISTIMENTO DA DEMANDANTE. EXPTE. 6317/111.

D))SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO SECCIÓN 2ª. RC-A 3/8911/07. DEMANDANTE: XUNTA DE COMPENSACIÓN DO PERI IV-09 SAN ROQUE. OBXECTO: ACORDO DO XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA. SENTENZA FIRME DESESTIMA O RECURSO DO CONCELLO, ESTIMA O RECURSO DA X. DE COMPENSACIÓN E ESTIMA PARCIALMENTE O RECURSO DO PROPIETARIO DA FINCA. EXPTE. 4737/111.

E))SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A 156/2009 P.O. DEMANDANTE: Dª ROSA MARIA FIGUEIRAS FERNÁNDEZ. OBXECTO: ORDE DE EXECUCIÓN. ACEPTA O DESISTIMENTO DA ACTORA. EXPTE. 5934/111.

F))SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 540/2010 P.A. DEMANDANTE: D. MANUEL DOPICO SANJURJO. OBXECTO: DESESTIMACIÓN PRESUNTA POR EBTM NA PRZA. DE PORTUGAL. SENTENZA NON FIRME DECLARA A DESAPARICIÓN SOBREVIDA DO OBXECTO DE PRIMEIRA PRETENSIÓN E A INADMISIBILIDADE DAS RESTANTES. EXPTE. 6371/111.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido das devanditas sentenzas e autos.

8(552).- PLAN DE PRAIAS 2011. PRÓRROGA DE AUTORIZACIÓNS. EXPTE. 3589/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 12.04.11, conformado pola concelleira delegada de Contratación, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Prorroga-las actuais autorizacións para ocupación das praias con postos de temporada para a temporada 2011 que comprende dende o 1 de xuño e 30 de setembro, ós seguintes adxudicatarios e polos importes que s indican para cada quiosco, unha vez incrementado co IPC correspondente:

Marta Lorenzo Barrera, posto 6, por importe de 24.829,88 euros

Mónica González Francisco, postos 3, 5, 7 e 8 por uns importes respectivos de 10.283,48 euros, 13.992,10 euros, 29.865,05 euros e 29.865,05 euros.

Non prorrogar as seguintes autorizacións:

D. Alejandro Barreiro Prado (quiosco 2 Alcobre e quiosco 9 Vao e quiosco 10 Vao), por non ter aboado o canon nos prazos esixidos polo concello.

Dna. Marta Lorenzo Barrera posto nº 4 Tombo do Gato por non retira-lo posto nos prazos fixados na autorización inicial.

9(553).- ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE PARQUES FORESTAIS. EXPTE. 4052/446.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 26.04.11, e co informe do Interventor Xeral do 6.05.3011, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar á mercantil CESPJA JARDINERIA, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de Parques Forestais (expte 4052-446) por un prezo total de 574.621,89 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 87.654,19 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Aporta os seguintes medios materiais sobre os mínimos previstos no prego de prescricións técnicas e valorados nun importe total de 33.653,28 euros:

1	Motoserra
1	Sopradora
1	Mochila pulverizadora
1	Desbrozadora
1	Sopradora
1	Mochila pulverizadora
1	Camión basculante
1	Camión cisterna
1	Hormigonera
1	Todoterreno Pick up
1	Desbrozadora de rodas
1	Motoserra de pértiga
1	Cortasetos
1	Apero recebador
1	Apero esparcidor
1	Mochila de tratamentos
1	Herramienta duradera e utilidade
1	Dumper autrocargable 4x4
1	Ahoyadora
1	Destoconadora
1	Desbrozadora de martillos

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 13 de outubro de 2009 e a oferta presentada.

10(554).- ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE TRATAMENTO FINAL DOS RESIDUOS SÓLIDOS VOLUMINOSOS. EXPTE. 2543/252.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 8.02.11, e co informe do Interventor Xeral do 5.05.3011, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Adxudicar á UTE TOYSAL-XILOGA. por procedemento aberto e urxente para a contratación dun SERVIZO DE TRATAMENTO FINAL DOS RESIDUOS VOLUMINOSOS,(EXPTE.2543-252) por un prezo total de 876.400,00euros (IVE incluído)e un prezo de 123,05 euros por tonelada métrica (IVE incluído).

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

11(555).- ABONO DE COTAS ABRIL-XUÑO COMUNIDADE REPÚBLICA ARGENTINA, 12-14. EXPTE. 19183/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 11.04.11, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, co fiscalizado de conformidade pola xefa do servizo de Fiscalización do 5.05.2011, conformado polo Interventor Xeral na mesma data, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aboar, en concepto de cotas de comunidade, a Comunidade de Propietarios do inmovible sito na rúa República Argentina nº 12- 14, a cantidade de 5.254,32 euros, polo importe correspondente os meses de abril, maio e xuño de 2011, efectuando dito ingreso na conta de Caixa Madrid,que mantén aberta a comunidade, nº 20384016956000108813.

O gasto deberá imputarse a partida 92202120005 do vixente presuposto.

12(556).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE PARQUES INFANTÍS. EXPTE. 19145/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 13.04.11, conformado pola concelleira delegada de Contratación, co fiscalizado de conformidade pola xefa do servizo de Fiscalización do 4.05.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a revisión de prezos do contrato de mantemento e conservación de parques infantís do Concello de Vigo, adxudicado a empresa Contenuur, S.L., pola Xunta de Goberno Local de 29 de marzo de 2005, fixando dito prezo a partir do 1 de maio de 2010 na cantidade de 343.734,59 euros, ive engadido.

Recoñecer a empresa en concepto de atrasos polo período de 1 de maio de 2010 a 30 de abril de 2011 a cantidade de 5.079,83 euros.

13(557).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A COVSA. EXPTE. 3621/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 9.05.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a COVSA a fianza de 5.176,73€ constituída para responder da construción de beirarrúas na rúa Manuel Costas Bastos xa que as obras foron recibidas mediante acta de 13.04.2009, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

14(558).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A. POLA REALIZACIÓN DE SERVICIOS DE VIXILANCIA EN DEPENDENCIAS CULTURAIAS. EXPTE. 13149/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do departamento de Cultura, do 3.05.11, conformado polo concelleiro delegado da área de Cultura e Animación Sociocultural e co informe do Interventor Xeral do 9.05.2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar a indemnización substitutiva polo importe que figura na factura 3604L100004, de 38.430,33 € (trinta e oito mil catrocentos trinta euros con trinta e tres céntimos), a favor de Securitas Seguridad España S.A., Securitas Sistemas de Seguridad S.A. Unión Temporal de Empresas, Lei 18/1982 de 26 de maio, CIF U-85009405” que deben ser imputados á partida 3340.227.01.00 “Vixilancia e seguridade de exposicións” (RC 2836).

2.- Recoñecer a obriga a favor de Securitas Seguridad España S.A., Securitas Sistemas de Seguridad S.A. Unión Temporal de Empresas, Lei 18/1982 de 26 de maio, CIF U-85009405”, por un importe total de 38.430,33 € (trinta e oito mil catrocentos trinta euros con trinta e tres céntimos) en concepto de servizos de vixilancia e mantemento de instalacións de seguridade en dependencias culturais, realizados no período marzo-abril de 2011, incluídos, con cargo á partida 3340.227.01.00 “Vixilancia e seguridade de exposicións”.

3º.- Pagar á empresa Securitas Seguridad España S.A., Securitas Sistemas de Seguridad S.A. Unión Temporal de Empresas, Lei 18/1982 de 26 de maio, CIF U-85009405”, a factura 3604L100004, de 38.430,33 € (trinta e oito mil catrocentos trinta euros con trinta e tres céntimos) con cargo á partida 3340.227.01.00 “Vixilancia e seguridade de exposicións”.

15(559).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE SERVICIOS SECURITAS, S.A., POLA REALIZACIÓN DE SERVICIOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO EN DEPENDENCIAS CULTURAIAS. EXPTE. 13151/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do departamento de Cultura, do 3.05.11, conformado polo concelleiro delegado da área de Cultura e Animación Sociocultural, e co informe do Interventor Xeral do 9.05.2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar a indemnización substitutiva polo importe que figura na factura 2604X100086, de 26.059,25 € (vinteseis mil cincuenta e nove euros con vintecinco céntimos), a favor de Servicios Securitas SA con CIF: A 28986800 que deben ser imputados á partida 3340.227.99.14 “Servizos de atención ao público en dependencias culturais” (RC 2839).

2.- Recoñecer a obriga a favor de Servicios Securitas SA con CIF: A 28986800, por un importe total de 26.059,25 € (vinteseis mil cincuenta e nove euros con vintecinco céntimos) en concepto de prestación do servizo de atención ao público en dependencias culturais durante os meses de xaneiro a abril de 2011, incluídos, con cargo á partida 3340.227.99.14 “Servizos de atención ao público en dependencias culturais”.

3º.- Pagar á empresa Servicios Securitas SA con CIF: A 28986800, a factura 2604X100086, de 26.059,25 € (vinteseis mil cincuenta e nove euros con vintecinco céntimos) con cargo á partida 3340.227.99.14 “Servizos de atención ao público en dependencias culturais”.

16(560).- DESAFECTACIÓN DO USO EDUCATIVO DAS VIVENDAS DE PROFESORES SITAS NO RECINTO ESCOLAR DO CEIP “VALLE INCLAN” DE VILAR-LAVADORES. EXPTE. 12574/332.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Educación, do 30.03.11, conformado pola concelleira delegada de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Solicitar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia a desafectación ao uso educativo das vivendas de profesores sitas no recinto escolar do “CEIP “Valle Inclán” de Vilar-Lavadores, polo seu mal estado de conservación e a imaxe deplorable que presentan, e co obxecto de por á disposición da comunidade educativa do centro este espazo.”

17(561).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE MARIÑEIROAS ARTESANAIS DE VIGO PARA A DIFUSIÓN DA CULTURA MARIÑEIRA. EXPTE. 8041/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, do 8.03.11, conformado polo

concelleiro da área, co informe do letrado asesor do 2.05.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 10.05.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a “Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas”, coa finalidade de promocionar non só a cultura mariñeira, senón tamén a promoción das embarcacións tradicionais municipais (traíña, galeón, bote polveiro e gamela coruxeira) , co mantemento e conservación necesarios para poder disfrutar delas, e que a nosa cidade siga sendo un referente para este tipo de actuacións.
2. Facultar ao concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá don Santos Hector Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.
3. Autorizar o gasto por importe total de 16.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente Convenio, con cargo á partida orzamentaria 24104890001 " Convenio Asociación Mariñeiros Artesanais"de Promoción Económica e Emprego.

18(562).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO PARA O ANO 2011. EXPTE. 8135/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, do 4.04.11, conformado polo concelleiro da área, co informe do letrado asesor do 28.04.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 9.05.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Fundación Secretariado Xitano para o desenvolvemento de accións dirixidas á poboación xitana no marco dos programas de Loita contra a Discriminación.

2º.- Facultar ao concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá para asinar o citado convenio.

3º.- Autorizar o gasto por importe total de 16.000,00€, como contrapartida do estipulado no presente Convenio, con cargo á partida orzamentaria 2410 489.00.02 de Promoción Económica e Emprego.

Na Casa do Concello de Vigo, ____ de ____ de dousmil once.

REUNIDOS

Dunha parte, don _____, na súa calidade de _____ do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, co CIF P-3605700-H, con enderezo na Praza do Rei núm. 1 de Vigo

Doutra, don Pedro Puente Fernández, como presidente da Fundación Secretariado Gitano, CIF nº G83117374 e enderezo social en Antonio Merino 10, Madrid, na representación da mesma, segundo escritura de data 23 de febreiro de 2005.

Ambas partes interveñen en virtude dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades e atribucións que teñen conferidas para poder convenir e obrigarse no nome das institucións e ámbitos que representan.

MANIFESTAN

A construción dunha Europa moderna, cohesionada e socialmente integrada pasa pola extensión da liberdade, a xustiza, a igualdade e a solidariedade entre todas as persoas, para o que é necesario remexer e eliminar os obstáculos de toda clase que impiden ou limitan aínda o exercicio dos dereitos cidadáns, a plena participación de todos e todas no curso ordinario da vida social e o acceso en igualdade de condicións aos bens e servizos da comunidade.

A nova sociedade baseada no coñecemento, como expresamente se recoñece no documento de Conclusións do Consello Europeo de Lisboa de 23 e 24 de marzo de 2000, ofrece un enorme potencial para reducir a exclusión social, tanto mediante a creación de condicións económicas que redunden nunha maior prosperidade da que non queden marxidados ningún grupo ou comunidade, como promovendo novos xeitos de participación na sociedade.

A sociedade do coñecemento non garante, por si soa, senón que introduce o risco de que se produzan diferencias cada vez maiores entre quen teñen acceso aos novos coñecementos e os que, por partir dunha situación de obxectiva desvantaxe, quedan á marxe das novas oportunidades. Para evitar este risco certo e aproveitar ao máximo este novo potencial, débense facerse esforzos para mellorar as cualificacións, promover un acceso amplo aos coñecementos e loitar contra o desemprego.

O emprego é a mellor e máis segura salvagarda contra a exclusión social. En efecto, o emprego e o seu presuposto, a formación, constitúen factores esenciais no proceso de integración e plena participación sociais dos grupos vulnerables ou en risco de exclusión, obxectivo preferente da acción das entidades asinantes deste Convenio, pois esta vía de socialización permite ás persoas facer o que os demais fan e tórnaas socialmente visibles e útiles, estendendo o sentimento de pertenza e de corresponsabilidade no desenvolvemento e progreso da comunidade.

Tanto o Concello de Vigo como a Fundación Secretariado Gitano conveñen na necesidade de establecer unha cooperación tendente a aunar os seus esforzos de cara a posibilitar unha maior inserción social e laboral da comunidade xitana, que conleve a posta en práctica das Directrices do Plan de Acción para o Emprego do Reino de España, así como do propio Plan Municipal de Emprego 2008-2011 do Concello de Vigo. As partes coinciden en que a situación das persoas xitanas, con baixos niveis de instrución e altas taxas de desemprego, require a posta en marcha de medidas activas nos campos da formación profesional e o emprego para unha completa incorporación social. Neste sentido, considérase á comunidade xitana como un grupo específico, cun proceso de inserción laboral que require, segundo manifestan os expertos, e dadas as súas peculiaridades e diferencias culturais, un tratamento especializado e integral, que debe ser impulsado de forma positiva cunha política global, de xeito que se superen actuacións parciais ou fragmentadas, así coma o risco da dispersión dos recursos dispoñibles.

I.- Que a Fundación Secretariado Gitano é a encargada de xestionar, por terse subrogado de todas as actividades da Asociación Secretariado General Gitano, as actuacións dirixidas á poboación xitana a

través dos Programas Operativos Plurirrexionais de Loita contra a Discriminación do Fondo Social Europeo, no que se enmarcan as actuacións obxecto do presente convenio; e que teñen como obxectivo esencial a inclusión social da poboación xitana dende o punto de vista da formación e o emprego.

II.- Que o Concello de Vigo, en atención a estas consideracións, desexa estreitar lazos, unir esforzos e actuar aunadamente para mellorar as condicións de vida e a plena participación social dos compoñentes dos grupos cidadáns e comunidades destinatarios da súa actividade e co obxectivo común de mellorar a capacidade de integración social da comunidade xitana, especialmente no mercado de traballo e o emprego, acordan subscribir o presente Convenio de Colaboración

III.- Que nas devandidas actividades a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese social e laboral, como son:

—A cualificación profesional e o acceso de persoas xitanas a profesións e empregos por conta allea.

—Achegamento e adaptación dos servizos xerais de formación profesional e emprego aos xitanos e xitanas desempregados.

—A sensibilización sobre os prexuízos e prácticas discriminatorias das que as persoas xitanas son vítimas, así como a mellora progresiva da súa imaxe social.

—A xeneralización de políticas máis activas para a comunidade xitana con obxecto de mellorar efectivamente as súas condicións de vida e garantir a igualdade de oportunidades no seu acceso a bens e servizos públicos.

Así as cousas, o concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado por acordo plenario, de data 23 de decembro de 2010, aprobou con carácter definitivo o Orzamento Xeral do Concello, e na partida 2410 4890002, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 16.000,00 €, a favor da Fundación Secretariado Xitano.

Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais da administración concédente, os intervinientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, que ten por obxecto a realización das actividades que se describen no parágrafo I do apartado dos Pactos.

V.- Que a Fundación Secretariado Gitano non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 8135 /77.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e laboral que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Fundación Secretariado Gitano, o Concello de Vigo e a dita fundación conveñen a súa colaboración no ámbito socio-laboral e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Fundación Secretariado Gitano comprométese a colaborar coa Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo en canto á mellora da capacidade de integración e incorporación da comunidade xitana no mercado de traballo e o emprego e o impulso de

políticas sociais máis activas coa mesma; e concretamente, a desenvolver na cidade de Vigo as seguintes actuacións:

1º.- En canto ao eixo socio-laboral:

- Mobilización das persoas para mellor a súa empregabilidade mediante unha adecuada acollida, diagnóstico e xestión dos itinerarios individuais.
- Desenvolvemento de destrezas básicas, de habilidades sociais e de competencias laborais
- Orientación laboral, deseño de itinerarios individuais de inserción e seguimento do itinerario.

2º.-En canto ao eixo formativo:

- Desenvolvemento de accións formativas adaptadas aos niveis educativos previos e aos intereses e expectativas da poboación xitana.
- Xestión do acceso aos recursos de formación ocupacional e creación de novos escenarios adaptados de formación-emprego.
- Accións específicas de formación para o emprego arredor dos nichos de mercado actualmente existentes e dos núcleos de competencias profesionais cos que a poboación xitana de Vigo está familiarizada: Curso de Manipulación de Alimentos (para a obtención do carné profesional); Curso de atención ao público e Dependentes de Comercio; Curso de operarios de limpeza; Curso de habilidades sociais para o emprego; Curso de operario de residuos sólidos urbanos non perigosos.

3º.-En canto ao eixo do emprego:

- Prospección, acompañamento e seguimento no emprego.
- Identificación e achegamento entre ofertas e demandas.
- Intermediación co tecido económico-empresarial.
- Convenios con empresas e outros axentes sociais.
- Prácticas formativas no ámbito da empresa.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Unir esforzos e actuar aunaradamente coa Fundación Secretariado Gitano para mellorar as condicións de vida e a plena participación social dos compoñentes dos grupos cidadáns e comunidades destinatarios da súa actividade e co obxectivo de mellorar a capacidade de integración social da comunidade xitana, especialmente no mercado de traballo e o emprego.

2º.- Conceder directamente á Fundación Secretariado Gitano, unha subvención por importe de 16.000,00 euros (*DEZASEIS MIL EUROS*), con cargo á partida 2410 489.00.02, do vixente orzamento, co obxecto de coadxuvar á financiación de das actividades que no parágrafo I do apartado de Pactos se describen.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A Fundación Secretariado Gitano deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- En base aos artigos 42 e ss. do RD 887/2006 de Regulamento da LXS, poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da Fundación, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A Fundación Secretariado Gitano non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A Fundación Secretariado Gitano debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a identificación dos proxectos que se levarán a cabo, de xeito que a identidade corporativa dos asinantes se respecte en todo momento e o carácter público da iniciativa sexa coñecido por parte das persoas usuarias da mesma

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia. (Cando a publicación dos datos do beneficiario poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas beneficiarias, estas poderán exercer o seu dereito a que tales datos non se fagan públicos).

Noveno.- A Fundación Secretariado Gitano, no prazo de 3 meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello a conta xustificativa da subvención outorgada que conterá a seguinte documentación e información:

1. Unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio en formato papel e electrónico, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual, e unha conta xustificativa cos xustificantes de gastos ou calquera outro documento de validez xurídica que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.
- A xustificación do gasto farase a través do persoal técnico do Servizo de Promoción Económica e Emprego que forme parte da Comisión de Seguimento, e o funcionario que se acorde como responsable do seguimento deste convenio será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará a cada Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados. As contas xustificativas que conterán con carácter xeral, a seguinte documentación:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte información:
 - Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
 - Datas e lugar de celebración.
 - Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
 - Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
 - Actuacións realizadas.
 - Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 - Unha relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.
 - Facturas orixinais polo importe total da subvención outorgada. Ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:
 - Número e no seu caso serie.
 - Nome e apelidos ou denominación fiscal.
 - Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)
 - Enderezo (tanto do expendedor como do tomador da factura)
 - Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.
 - Se está suxeito a IVE, deberán consignarse os datos necesarios para calcular a base imponible e sinalar o tipo de imposición. Nas facturas emitidas por entidades exentas de IVE, achegarse o documento xustificativo de tal situación.
 - Lugar e data de emisión.
 - Nas facturas emitidas por profesionais, a pertinente retención do IRPF.

Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a Fundación solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar o corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen ao longo do ano 2011.

Décimo segundo.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá . O xefe do servizo de Promoción Económica e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A Fundación deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A Fundación está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, ás normas de dereito privado.

Décimo Oitavo.- Co obxecto de garantir a adecuada coordinación e cumprimento dos compromisos e obxectivos antes expostos, crearase unha Comisión de Seguimento que desenvolverá as funcións que ao respecto sexan necesarias e, entre outras, as seguintes:

- a) A elaboración de propostas que conduzan á consecución dos obxectivos do Convenio.
- b) A determinación dos obxectivos do plan anual de traballo.
- c) A supervisión dos informes de seguimento e avaliación, así como seguimento do seu desenvolvemento.
- d) Cantas accións sexan precisas para impulsar os obxectivos previstos.
- e) Participar nas reunións que teñan lugar a nivel autonómico.

A tal fin, dita Comisión de Seguimento está integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, sendo presidida por un representante do Concello de Vigo e actuando como secretario/a o outro representante do mesmo, e tendo que reunirse, cando menos, dúas veces ao ano. Os/as representantes do Concello de Vigo serán nomeados polo Alcalde, a proposta do Concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.

A Comisión de Seguimento poderá decidir a creación de grupos de traballo para o desenvolvemento da súa actividade naquelas materias que así o requiran.

Á súa vez os membros desta Comisión de Seguimento participarán nas reunións que se organicen na Comunidade Autónoma, nas cales estarán presentes o resto de entidades que participan no proxecto no ámbito autonómico.

Décimo novena.- A este Convenio poderán adherirse e cooperar no seu desenvolvemento, as organizacións públicas e privadas (empresas, fundacións, medios de comunicación, ...), así como asociacións que interveñen coa comunidade xitana que se atopen en condicións de cooperar ao maior e máis eficaz desenvolvemento destas iniciativas.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, a de _____ de 2011

19(563).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA HIXIÉNICO-SANITARIA ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO ZONA FRANCA DE VIGO. EXPTE.2972/313.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora do Laboratorio, do 27.04.11, conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, co informe do letrado asesor do 5.04.2011, e co informe da directora de Ingresos de data 25.04.2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA HIXIÉNICO-SANITARIA ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO, co texto final que consta no expediente 2972/313.

Segundo.- Facultar expresamente ao Excmo. Sr. Alcalde-Presidente para o asinamento deste Convenio.

Terceiro.- Notificar o presente acordo, en forma legal, ao Consorcio da Zona Franca de Vigo.

CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA HIXIÉNICO-SANITARIA ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO.

En Vigo, do 2011.

REUNIDOS

Dunha parte, D. ABEL CABALLERO ALVAREZ, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO, CIF nº P-3605700-H, con enderezo en Vigo, Praza do Rei, s/n, na representación legal que ostenta.

Doutra parte, DÑA. Mª TERESA PISANO AVELLO, en calidade de DELEGADA ESPECIAL DEL ESTADO NO CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO (CZJV), CIF nº G-36611580, con enderezo en Vigo, Area portuaria de Bouzas, s/n, cargo que ostenta en virtude do nomeamento realizado por Real Decreto 932/2008, de 30 de maio.

MANIFESTAN

Que o Concello de Vigo, a través do Parque de Desinfección dependente do Laboratorio Municipal, coordina e regula as actividades de desratización que afectan a importantes áreas da cidade.

O CZJV, dada a importancia que teñen os terreos da súa propiedade e a repercusión que pode ter o seu estado sanitario para os veciños, está interesado en participar no programa de prevención de pragas urbanas que o Concello realiza no resto da cidade.

Por isto, as partes consideran necesario formalizar un convenio de colaboración que permita harmonizar e optimizar os medios utilizados na loita contra as pragas urbanas e que se rexerá polas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.

O obxecto do presente convenio é establecer os termos e condicións da colaboración entre o Concello de Vigo e o CZJV, para desenvolver todas as medidas necesarias de control das pragas urbanas nos terreos do Consorcio, coordinando as mesmas coas que se veñen aplicando polo Parque de Desinfección no resto da cidade.

Segunda.

O Concello de Vigo, a través dos seus distintos Departamentos e Servizos, comprométese á realización dos seguintes cometidos:

4.Desratización dos terreos e instalacións do CZJV, sitios en Bouzas e Balaidos, incluíndo estes no programa establecido para o conxunto da cidade.

5.Desratización e Desinfección das instalacións do CZJV, incluíndo as antigas instalacións da CLH.

Terceira.

As datas e horarios de realización dos distintos tratamentos fixaranse conxuntamente, en función dos protocolos e da dispoñibilidade de medios dos respectivos servizos, tanto municipais como de CZJV.

Cuarta.

Antes do inicio dos tratamentos, o responsable do Parque e Servizo de Desinfección Municipal ou do Laboratorio Municipal entregará, por escrito, as recomendacións e normas de seguridade precisas para lograr unha maior efectividade dos mesmos e para evitar calquera tipo de risco.

Deberá dispoñer por escrito dun protocolo de traballo que especifique tanto os riscos que implica o uso de cada produto, como das medidas de prevención a seguir (prazos de seguridade, EPI, condicións de aplicación, tratamento en caso de intoxicación e antídotos, etc.)

Quinta.

O responsable ou técnicos do Servizo de Desinfección Municipal ou Laboratorio Municipal, entregará os certificados correspondentes ós traballos realizados ó remate dos mesmos e, de non ser posible nese momento, nun prazo inferior a quince días naturais dende a data de remate.

Sexta.

O CZFV aportará anualmente a cantidade de 21000 €uros, IVE incluído, destinados ó Laboratorio Municipal, do que depende o Parque de Desinfección. O ingreso realizarase na conta do Concello antes do trinta de xuño de cada ano.

Sétima.

As partes non asumen ningún outro compromiso distinto dos recollidos expresamente neste convenio.

Oitava.

Para a aplicación e desenvolvemento do acordado, así como para resolver as dúbidas e controversias que puidesen suscitarse ó longo da súa vixencia, constitúese unha Comisión Mixta, que estará integrada por un representante do Concello de Vigo e outro do CZFV e que se reunirá tantas veces o solicite, xustificadamente, calquera das partes.

De persistir as discrepancias entre as partes, estas serán resoltas pola Alcaldía; resolución que poñerá fin á vía administrativa e que poderá ser obxecto dos recursos administrativos e xurisdicionais que en Dereito procedan.

Novena.

Este Convenio de Colaboración ten, para todos os efectos, carácter xurídico-administrativo, rexéndose polas súas propias estipulacións e, no seu defecto, polas normas do Dereito administrativo.

Sen prexuízo da obrigada intervención previa da Comisión Mixta e das facultades recoñecidas á Alcaldía, as cuestións relativas á súa formalización, cumprimento, interpretación, efectos e extinción serán dilucidadas, en última instancia, polos órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

Décima.

Serán causas de resolución deste convenio, o incumprimento grave de calquera das súas estipulacións, o cumprimento íntegro do seu obxecto e o mutuo acordo das partes.

Undécima.

O presente convenio terá unha vixencia de dous (2) anos, contados a partir do seu asinamento.

E en proba de conformidade, os comparecentes asinan por duplicado o presente Convenio no lugar e data expresados no encabezamento.

20(564).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE VAN DIVULGACIÓN, POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS TÉCNICOS PARA O CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL DURANTE O MES DE ABRIL DE 2011. EXPTE. 6210/307.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 4.05.11, conformado polo delegado da área, e co informe do Interventor Xeral do 10.05.2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva e o recoñecemento da obriga por importe de 10.619,97 euros (IVE incluído) a favor da empresa VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, SL, co CIF B36917201 pola prestación de servizos técnicos para o Centro de Artesanía Tradicional durante o mes de abril de 2011, segundo a súa factura nº 23 de data 30/04/2011, presentada no Rexistro Xeral o 03/05/2011 (nº doc. 110060655).

2º.- Imputalo á partida 3360.2279901 Coordinación e monitoraxe C. Artesanía e C. Cesteiro dos orzamentos municipais do ano 2011.

3º.- A imputación do gasto aos orzamentos vixentes non provoca prexuízo nin limitación algunha para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na conseguinte partida.

21(565).- EXECUCIÓN TÍTULOS XUDICIAIS 57/2011 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 1. PROC. 823/2010, SOBRE RECOÑECIMENTO DE DEREITO E CANTIDADES DE ROSA Mª FERNÁNDEZ DÍAZ. EXPTE. 22003/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 26.04.11, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 6.05.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“PRIMEIRO.- Proceder a dar cumprimento á execución de títulos xudiciais 57/2011 do Xulgado do Social Nº 1 dos de Vigo, no procedemento 823/2010, sobre recoñecemento de dereito e cantidades, nos autos seguidos a instancia de Dª Rosa María Fernández Díaz, en relación coa sentenza 783/2010 de dito Xulgado, de abono de recoñecemento de dereito e abono de diferencias salariais no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2009, por importe de 13.912,65 €

SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo da traballadora (890,41 €) e IRPF (2.086,90 €), efectuando o correspondente ingreso así como de 1.391,26 € (10%) de intereses por mora na conta do Xulgado do Social Nº 1 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar en concepto: expte. 3626 0000 64 005711. (10.935,34 € que deberá percibir a traballadora máis 1.391,26 € de intereses por mora)

TERCEIRO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L03) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa, así como a remisión á Tesourería Xeral da Seguridade Social de oficio para realización de cambio de tipo de contrato ao 100, con efectos do 16 de decembro de 2010 data da firmeza de dita sentenza.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 1 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefatura de Desenvolvemento Local e Emprego, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.”

22(566).- EXECUCIÓN TÍTULOS XUDICIAIS 60/2011 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 3. PROC. 203/2010, EN MATERIA DE DESPIDO DE NURIA VILASOA NÚÑEZ. EXPTE. 21933/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 7.04.11, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 2.05.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“**PRIMEIRO.-** Proceder a dar cumprimento á execución de títulos xudiciais 60/2011 do Xulgado do Social Nº 3 dos de Vigo, no procedemento 203/2010, en materia de despido nos autos seguidos a instancia de Dª Nuria Vilasoa Núñez, en relación coa sentenza 266/2010 de dito Xulgado, de abono de indemnización por unha contía de 3.666,6, salarios de tramitación por importe de 3.957,78 € e intereses e costas por 1.279,00 €, o que supón un total de 8.897,38 €

SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda da parte correspondente aos salarios de tramitación aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo do traballador (252,91€) e IRPF (592,779 €), efectuando o correspondente ingreso así como de 1.279,00 € provisionais de intereses e costas na conta do Xulgado do Social Nº 3 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar en concepto: expte. 3628 0000 64 006011. (6.772,70 € que deberá percibila traballadora máis 1.279,00 € provisionais de intereses e costas)

TERCEIRO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna alta da interesada no réxime xeral da seguridade social no período correspondente aos salarios de tramitación (16-01-2010 a 22-04-2010), baixo a modalidade contractual 401, así como liquidación e cotización (L02) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa.

CUARTO.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 3 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefatura de Area de Servizos Xerais, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.”

23(567).- LIQUIDACIÓN INTERESES NA EXECUCIÓN 315/2010 (SUSANA GONZÁLEZ TORRES) NO PROC. 936/09, SOBRE RECOÑECIMENTO DE DEREITO E CANTIDADES. EXPTE. 22002/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 26.04.11, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 6.05.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Único.- Dar cumprimento a providencia do Xulgado do Social nº 5 de Vigo, na execución 3151/2010, procedéndose ao abono da cantidade de 596,96 € en concepto de intereses na conta do Xulgado do Social Nº 5 mediante transferencia na conta nº 0030 1846 42 0005001274 co concepto 3630 0000 64 031510.

24(568).- LIQUIDACIÓN INTERESES NA EXECUCIÓN 61/2010 (CARLOS SAHUQUILLO FRANCO) EN RELACIÓN COS AUTOS 189/2008 EN MATERIA DE DESPIDO. EXPTE. 22001/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 19.04.11, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 6.05.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Único.- Dar cumprimento a providencia do Xulgado do Social nº 5 de Vigo, na execución 61/2009, procedéndose ao abono da cantidade de 2.645,65 € en concepto de intereses na conta do Xulgado do Social Nº 5 mediante transferencia na conta nº 0030 1871 30 0000000000 co concepto 3630 0000 64 006109.

25(569).- RECURSO DE ALZADA DO ASPIRANTE A CONDUTOR-BOMBEIRO (OEP 2008), D. OSCAR FERNÁNDEZ GARCÍA. EXPTE. 22025/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario do Órgano de Selección, do 9.05.11, a Xunta de Goberno Local acorda:

"1º Estimar o recurso de alzada interposto por D Óscar Fernández García, contra o acordo do Órgano de Selección adoptado na súa reunión celebrada o día 31 de marzo de 2011, no sentido de recoñecerlle o seu dereito de acceder aos documentos que forman parte do seu expediente como opositor e o seu dereito a obter copias do seu sétimo exercicio da oposición realizado, previo pago das exaccións legalmente establecidas.

2º Desestimar o recurso nos demais termos solicitados xa que ningún dos motivos alegados polo recorrente ten virtualidade suficiente para desvirtuar o acordo que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos artigos 62 e 63 da LRXAP e PAC, como así se esixe no artigo 107.1 do citado texto legal."

26(570).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN SANTIAGO APOSTOL DE CIENCIAS SOCIAIS. EXPTE. 22026/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 27.04.11, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 6.05.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

- a) Autorizar a sinatura do convenio entre D Carlos Lopez Font, Concelleiro delegado de Area de Xestión Municipal do Concello de Vigo, segundo Decreto de Delegación de Alcaldía de 2 de xullo de 2007 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de xullo de 2007 e D^a. Teresa Facal Fondo, Delegada da *Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales*, entidade xurídica responsable da Escola Universitaria de Traballo Social, centro adscrito á Universidade de Santiago de Compostela, para a regulación da realización de prácticas que realicen os alumnos de dita Escola, ao obxecto de completar a súa formación.
- b) En ningún caso o Concello de Vigo asumirá ningún gasto derivado do presente convenio, nin danos ou perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias municipais como consecuencia do desenrolo do mesmo.
- c) Este período formativo non constitúe, baixo ningún concepto, una relación laboral entre os alumnos e o Concello de Vigo.

27(571).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR SERVIZOS DE GRAN GALA POLICÍA LOCAL CON MOTIVO DA "IRMANDADE CO CONCELLO DAS PALMAS". EXPTE. 21974/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 27.04.11, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 9.05.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo da “Irmandade có Concello das Palmas”, aboarase o persoal da Policía Local que figuran na relación que se achega e que comeza por don Juan Guillermo Vivero Mijares e remata por don Oscar Rodríguez Villar por unha cantidade total de 237’14 €.

28(572).- RECURSO DE ALZADA DO ASPIRANTE A CONDUTOR-BOMBEIRO (OEP 2008), D. DAVID FERREIRO VÁZQUEZ. EXPTE. 21994/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario do Órgano de Selección., do 5.04.11, a Xunta de Goberno Local acorda:

"UNICO: Desestimar o recurso de alzada interposto por D. David Ferreiro Vázquez, contra o acordo do Órgano de Selección adoptado na súa reunión celebrada o día 21 de marzo de 2011, na que se desestimaba a súa reclamación presentada o día 15/03/11, así como contra o acordo adoptado na súa reunión celebrada o día 23 de marzo seguinte, na que se propoñía ao órgano competente o nomeamento dos sete aspirantes que superaron o proceso selectivo, xa que ningún dos motivos alegados polo recorrente ten virtualidade suficiente para desvirtuar os acordos que se recorren, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos artigos 62 e 63 da LRXAP e PAC, como así se esixe no artigo 107.1 do citado texto legal."

29(573).- PARTICIPACIÓN DO CONCELLO NO PROGRAMA DE AXUDAS PARA O SOTERRAMENTO DE LIÑAS ELÉCTRICAS NA RÚA DE MARTÍNEZ GARRIDO. EXPTE. 905/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Servizos Xerais, do 11.05.11, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar a participación do Concello de Vigo no programa de axudas para o soterramento de liñas eléctricas nas Rúa Martínez Garrido.

30(574).- ENAXENACIÓN DAS ACCIÓN DE EMORVISA A FAVOR DE “FUNERARIA VIGUESA, S.A.”. EXPTE. 903/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do asesor xurídico da área de Servizos Xerais, do 11.05.11, conformado polo concelleiro da área de Xestión Municipal e polo Titular da Asesoría Xurídica, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Enaxenar 1.230 accións (da 1 á 1.230 ámbalas dúas inclusive) da Empresa de Servizos Mortuorios de Vigo, S.A. (EMORVISA) a través de adxudicación directa a favor

de “Funeraria Viguera, S.A.”, -única socia xunto co Concello na referida mercantil-, por un importe de 1.229.395,96 euros segundo informe dos Servizos Económicos Municipais, equivalente segundo os mesmos, ás compensacións que se concretan nas seguintes obrigas asumidas pola mercantil adquirinte:

a).- Aboar ao Concello a cantidade de 28.849,00 euros/ ano, sempre que a Sociedade acade como mínimo un beneficio de 138.232,78 euros tamén anualmente.

b).- Renunciar ás indemnizacións que puideran corresponderse pola supresión do monopolio, e mesmo pola comunicación do Alcalde aos hospitais de 3 de novembro de 1998.

c).- Continuar prestando os servizos funerarios básicos aos indixentes falecidos no termo municipal ata a cifra imputada anualmente de 30.813,00 euros, actualizada anualmente no futuro en función da porcentaxe do incremento dos prezos comunicados por EMORVISA respecto dos actualmente vixentes.

d).- Garantir a estabilidade no seu posto de traballo a tódolos traballadores do actual cadro de persoal de EMORVISA, agás que os resultados negativos da Sociedade produciran o esgotamento das reservas coas que conta, ou a extinción dalgún dos contratos de traballo en vigor por falecemento, xubilación , invalidez, baixa voluntaria ou resolución xudicial de despido procedente.

e).- Exonerar ao Concello da participación nas eventuais perdas que poida sufrir EMORVISA derivadas do seu funcionamento.

f).- Revertir gratuitamente ao Concello as actuais instalacións de EMORVISA sitas na Avda. de Castrelos, 212 ao vencemento do prazo de 50 anos dende a constitución da Sociedade, sen prexuízo de reservarse os dereitos de tanteo e retracto no caso de alleamento ou enaxenación das mesmas.

g).- Recoñecer o dereito do Concello a allear a súa participación social en EMORVISA en calquera momento, con arranxo ao previsto na Lei de Sociedades Anónimas.

A correspondente escritura pública será asinada, en representación do Concello, polo Concelleiro Delegado de Xestión Municipal, D. Carlos López Font, que ten delegada esta atribución por resolución de Alcaldía de data 5 de xullo de 2007, publicada no Boletín Oficial da Provincia de 18 de decembro seguinte, para o cal comparecerá xunto coa representación de “Funeraria Viguera, S.A.” na notaría, na data que se estableza.

Segundo.- Aceptar a renuncia de “Funeraria Viguera, S.A.” a calquera reclamación futura ao Concello polos danos e prexuízos derivados da anulación do acordo municipal de 27 de setembro de 2001 pola sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 23 de febreiro de 2006 e, así mesmo, solidariamente con “Albia Gestión de Servizos, S.L.”, facela extensiva aos antigos socios desta mercantil, todo isto nos termos e condicións contidos no

seu escrito presentado neste Concello o 2 de maio pasado e incorporado aos “Antecedentes” deste acordo.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a “Funeraria Viguera, S.A.”, á Empresa de Servicios Mortuorios de Vigo, S.A. (EMORVISA) e a “Albia Gestión de Servicios, S.L.”, advertíndolles que contra o mesmo poderán interpor recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á notificación.

Así mesmo, e se non o tivesen interposto, poderán interpor potestativamente, recurso de reposición ante este Órgano no prazo de un mes contado a partir do día seguinte á notificación, que se entenderá desestimado se transcorre outro sen resolver, en cuxo caso poderán interpor o recurso antes ofrecido, no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a súa desestimación por silencio administrativo.

31(575).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A ORECO S.A., POLAS OBRAS DE CANALIZACIÓN NAS RÚAS POZA CABALO E PEDRA SEIXA. EXPTE. 63485/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 5.05.11, conformado pola concelleira delegada da área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno Local acorda:

Proceder á devolución da fianza de 2.000,00 € (Dos mil euros), a favor de Oreco S.A.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

32(576).- PLAN LOCAL DE DROGAS E OUTRAS ADICCIÓNS DO CONCELLO DE VIGO 2011-2016. EXPTE. 62869/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do xefe de área de Benestar Social e do xefe de servizo de CEDRO, do 13.05.11, conformado pola concelleira-delegada de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.-Aprobar o Plan Local de Drogas e outras adicciós do Concello de Vigo 2011-2016.

2.-Dar conta o pleno do contido do Plan Local de Drogas e outras adicciós 2011-2016.

33(577).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE “SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A.”, POLOS SERVIZOS DE VIXILANCIA E SEGURIDADE NA UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS -CEDRO- DURANTE OS MESES DE XANEIRO E FEBREIRO DE 2011. EXPTE. 1659/315.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da técnica de Actividades Económicas, do 15.03.11, conformado polo xefe da área de Acción Social e pola concelleira delegada da área de Benestar Social, e co informe do Interventor Xeral do 10.05.2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 9.868,34 €, a favor de “SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, SA”, Cif. A79252219, polos servizos de vixilancia e seguridade na Unidade Asistencial de Drogodependencias –CEDRO- durante os meses de xaneiro e febreiro de 2011.

2.- Imputar o gasto de 9.868,34 euros á partida orzamentaria 3133.227.01.00 “Contratación Servizo Seguridade”, ou Bolsa de Vinculación.

3.- A imputación do gasto ao orzamento vixente non provoca perxuízo nin limitación para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na conseguinte partida.”

34(578).- RENUNCIAR Ó CONTRATO DE ASISTENCIA Á DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, ETC., NA RÚA PI Y MARGALL. EXPTE. 219/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 13.05.11, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Renunciar a celebra-lo contrato de servizos de asistencia á dirección facultativa das obras de instalación da rede separativa de pluviais, renovación das redes de abastecemento e saneamento, e mellora da eficiencia lumínica na rúa Pi y Margall (entre Paseo Alfonso XII e Chile) que foi autorizada a súa execución por acordo da Xunta de Goberno de 11-03-2010”.

35(579).- ACEPTACIÓN DE RENUNCIA Á TITULARIDADE DA ASESORÍA XURÍDICA MUNICIPAL, AUTORIZACIÓN DO REINGRESO E RECOÑECIMENTO DE GRAO DE PERSOAL CONSOLIDADO AO FUNCIONARIO MUNICIPAL, D. FRANCISCO GONZALEZ-YEBRA PIMENTEL. EXPTE. 22039/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 12.05.11, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno Local acorda:

“PRIMEIRO.- Aceptar a renuncia á titularidade do órgano directivo municipal “Titular da Asesoría Xurídica Municipal” formulada por D. Francisco González-Yebra Pimentel en escrito de data 09/05/2011 (documento administrativo nº 110064166), cesando en consecuencia na situación de servizos especiais declarada en acordo da Xunta de Goberno Local de 16/02/2009, con efectos xurídicos e administrativos da data de adopción do presente acordo.

SEGUNDO.- Autorizar o reingreso do funcionario municipal D. Francisco González-Yebra Pimentel, técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo, nunha praza vacante no cadro de persoal orzamentario de técnico de Administración Xeral (rama xurídica), asociada ao posto de traballo código 502.01 da vixente Relación de Postos de Traballo (código retributivo 295), con efectos económicos e administrativos do día seguinte ao da adopción do presente acordo.

TERCEIRO.- Recoñecer ao funcionario municipal D. Francisco González-Yebra Pimentel a consolidación do grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino 30, nos termos do disposto no artigo 70.2 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, nos termos da petición formulada en escrito de data 09/05/2011.

CUARTO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal (Negociado de Nóminas), Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos que procedan.

36(580).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DAS CONVOCATORIAS DOS PROCESOS SELECTIVOS OEP 2008 (4ª TANDA). EXPTE. 22029/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta das resolucións do concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, do 29.04.2011:

“Tendo sido publicadas en data 17 de novembro do 2010 no Diario Oficial de Galicia as bases xerais e específicas reitoras dos procesos selectivos derivados da execución da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, aprobadas por acordos da Xunta de Goberno Local de datas 28 de maio, 5 de agosto e 24 de setembro do 2010.

Considerando que a planificación na xestión dos recursos humanos ao servizo do Concello de Vigo demanda a provisión das seguintes prazas: Auxiliar de Administración Xeral (12 oposición libre -dúas delas resérvanse para discapacitados e 5 promoción interna), Técnico/a de Administración Xeral, (3 oposición libre -1 rama económica e 2 rama xurídica, da que 1 resérvase para discapacitados), Técnico/a de Sistemas (1 oposición libre), Técnico/a Superior de Arquivos (1 oposición libre), Técnico/a de Xestión (1 oposición libre), Enxeñeiro/a Técnico Industrial (1 oposición libre) e Técnico/a Auxiliar de Bibliotecas (1 oposición libre), nos termos do previsto nas citadas bases, toda vez que as necesidades de efectivos de novo ingreso nos ditos Servizos así o demandan;

Considerando que a competencia para a aprobación das ofertas de emprego público e das bases das convocatorias de selección e provisión de postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local, segundo o réxime de atribucións contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, Vistas as competencias que en canto á planificación, desenvolvemento e execución da política municipal en materia de persoal ostento por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007, e nos termos do preceptuado na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público; Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local; Decreto autonómico 95/1991, do 20 de marzo; Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo –de aplicación supletoria no non previsto na anteriormente invocada norma- e normativa de concordante aplicación, pola presente

R E S O L V O

Primeiro.- Proceder á convocatoria dos procesos selectivos en execución da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008 en relación ás prazas seguintes:

a) Persoal funcionario:

- **Auxiliar de Administración Xeral.** Número de prazas: 17. Grupo C, subgrupo C2. Escala Administración Xeral. Subescala auxiliar. Sistema de provisión: 12 oposición libre (resérvanse dúas delas para discapacitados) e 5 promoción interna.
- **Técnico/a de Administración Xeral.** Número de prazas: 3. Grupo A, subgrupo A1. Escala Administración Xeral. Subescala Técnica. 2 rama xurídica, (das que 1 resérvase para discapacitados) e 1 rama económica. Sistema de provisión: oposición libre.
- **Técnico/a de Sistemas.** Número de prazas: 1. Grupo A, subgrupo A1. Escala Administración Especial. Subescala Servizos Especiais. Clase Cometidos Especiais. Sistema de provisión: oposición libre.
- **Técnico/a Superior de Arquivos.** Número de prazas: 1. Grupo A, subgrupo A1. Escala Administración Especial. Subescala Servizos Especiais. Clase Cometidos Especiais. Sistema de provisión: oposición libre.
- **Técnico/a de Xestión.** Número de prazas: 1. Grupo A, subgrupo A2. Escala Administración Especial. Subescala Servizos Especiais. Clase Cometidos Especiais. Sistema de provisión: oposición libre.

- **Enxeñeiro/a Técnico Industrial.** Número de prazas: 1. Grupo A, subgrupo A2. Escala Administración Especial. Subescala técnica. Clase media. Sistema de provisión: oposición libre.
- **Técnico/a Auxiliar de Bibliotecas.** Número de prazas: 1. Grupo C, subgrupo C1. Escala Administración especial. Subescala técnica. Clase Auxiliar. Sistema de provisión: oposición libre

b) Persoal laboral:

- **Axudante de Oficios.** Número de prazas: 22. Sistema de provisión: oposición libre (resérvase 1 para discapacitados).

Segundo.- O prazo de presentación de solicitudes para tomar parte nas ditas convocatorias será de 20 días naturais, a partir do seguinte á publicación de anuncio contendo extracto da presente resolución no Boletín Oficial de Estado.

Os sucesivos anuncios referentes a estas convocatorias unicamente se farán públicos no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Taboleiro de Anuncios da Corporación, xuntamente coa páxina web municipal www.vigo.org

Terceiro.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

“Sendo publicadas en data 17 de novembro de 2010 no Diario Oficial de Galicia as bases xerais e específicas reitoras dos procesos selectivos derivados da execución da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, aprobadas por acordos da Xunta de Goberno Local de datas 28 de maio, 5 de agosto e 24 de setembro de 2010.

Considerando que a planificación na xestión dos recursos humanos ao servizo do Concello de Vigo demanda priorizar a provisión da seguinte praza laboral, por promoción interna: axudante de oficios (5 prazas), nos termos do previsto nas citadas bases.

Considerando que a competencia para a aprobación das ofertas de emprego público e das bases das convocatorias de selección e provisión de postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local, segundo o réxime de atribucións contemplado na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, Vistas as competencias que en canto á planificación, desenvolvemento e execución da política municipal en materia de persoal ostento por delegación do Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de data 5 de xullo de 2007, e nos termos do preceptuado na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local; Decreto autonómico 95/1991, de 20 de marzo; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo –de aplicación supletoria no non previsto na anteriormente invocada norma- e normativa de concordante aplicación, pola presente

R E S O L V O:

“Primeiro.- Proceder á convocatoria do proceso selectivo en execución da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008 en relación ás seguintes prazas de persoal laboral:

- **Axudante de oficios.** Número de prazas 5. (equiparadas ao subgrupo transitorio E para os efectos de titulación). Sistema de provisión: promoción interna.

Segundo.- O prazo de presentación de solicitudes para tomar parte na dita convocatoria será de 20 días naturais, a partir do seguinte á publicación de anuncio contendo extracto da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia.

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria unicamente faranse públicos no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Taboleiro de Editos da Corporación, xuntamente coa páxina web municipal **www.vigo.org**.

Terceiro.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

37(581).- AUTORIZAR A D. ANTONIO VIVEIRO MIJARES A PARTICIPAR NO X CURSO SUPERIOR DE DIRECCIÓN PÚBLICA LOCAL EN MADRID.. EXPTE. 34702/212.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do adxunto xurídico da Policía Local, do 9.05.11, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Transportes e Seguridade, e os Rcs. de Intervención de data 11.05.2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Autorizar a D. Antonio Viveiro Mijares, funcionario de carreira do Concello de Vigo, con posto de traballo de Adxunto Xurídico da Policía Local, con nº de persoal 21054, a participar no X Curso Superior de Dirección Pública Local convocado polo Instituto Nacional de Administración Pública mediante resolución de 26 de outubro de 2010,(BOE nº 278) e asistir ás clases presenciais que terán lugar en Madrid, C/ Atocha 106, nas datas de

16, 17 e 18 de maio e 13, 14 e 15 de xuño de 2011, en calidade de comisión de servizo con dereito a indemnización.

2.- A Comisión de servizo no mes de maio dará comezo pasadas as 14:00 do día 15 e rematará antes das 22:00 horas do 18, e no mes de xuño comezará despois das 14:00 horas do día 12 e rematará antes das 22:00 horas do 15.

3.- A Comisión de Servizo autorizada non consumirá crédito horario con cargo á formación, segundo o disposto no apartado 10.1 da Resolución da Secretaria Xeral do Estado para as AAPP, de 20 de decembro de 2005

4.- O desprazamento entre o aeroporto, estación de ferrocarril ou autobús de Madrid e o lugar de aloxamento , tanto ao comezo como á finalización da comisión, levarase a cabo en metro, podendo por causa xustificada utilizar o servizo de taxi.

38(582).- AUTORIZAR A D^a. ROSA ANA GARCINUÑO BARREIRO A PARTICIPAR NO X CURSO SUPERIOR DE DIRECCIÓN PÚBLICA LOCAL EN MADRID. EXPTE. 80227/210.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 6.05.11, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Transportes e Seguridade, e os Rcs. de Intervención de data 11.05.2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Autorizar a D^a Rosa Ana Garcinuño Barreiro, funcionaria de carreira do Concello de Vigo, posto de traballo de Xefa de Seguridade, a participar no X Curso Superior de Dirección Pública Local convocado polo Instituto Nacional de Administración Pública mediante resolución de 26 de outubro de 2010,(BOE nº 278) e asistir ás clases presenciais que terán lugar en Madrid, C/ Atocha 106, nas datas de 16-17-18 de maio, 13-14-15 de xuño, e 4-5-6 de xullo de 2011, en calidade de comisión de servizo con dereito a indemnización.

2.- A Comisión dará comezo pasadas as 14:00 do día 15-05-18 de maio de 2011 e rematará pasadas as 22:00 horas do 6 de xullo.

3.- A Comisión de Servizo autorizada non consumirá crédito horario con cargo á formación, segundo o disposto no apartado 10.1 da Resolución da Secretaria Xeral do Estado para as AAPP, de 20 de decembro de 2005

4.- O desprazamento entre o aeroporto, estación de ferrocarril ou autobús de Madrid e o lugar de aloxamento , tanto ao comezo como á finalización da comisión, levarase a cabo en metro, podendo por causa xustificada utilizar o servizo de taxi.

5.- Autorizar o gasto de 987 € en concepto de dietas, con cargo á aplicación orzamentaria 1330.2302000 (dietas para persoal) e 1.200 € con cargo á aplicación 1330.2312000 (locomoción do persoal non directivo) , así como o libramento de fondos a

xustificar polo importe de 2.187 €, a nome do Xefe de Área de Mobilidade, Transportes e Seguridade, D. Juan Comesaña Alén, con DNI nº 35977546A.

39(583).- PROXECTO MODIFICADO Nº 2 “COSTE CERO” DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGON, FASE I. EXPTE. 896/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Servizos Xerais, do 12.05.11, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 2 a Custe cero do Proxecto de Humanización da Rúa Aragón, fase 1, de acordo cos criterios anteriormente indicados, e que quedan suficientemente xustificadas no informe da oficina de supervisión de proxectos de data 5 de maio de 2011

40(584).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 9.18 h. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.